

**Acta núm. 19/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 3 de agosto de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Non asiste: Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 3 de agosto de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2021, DO 27.07.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) VADO PERMANENTE.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2021, DO 27.07.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 27.07.2021, acta núm. 18/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CARMEN CAJUSO MACEIRA, na que comunica que vai substituír tres fiestras de aluminio por fiestras de PVC, na vivenda da Avd. de Noia 40, Os Ánxeles.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6349311NH2465S0001WG) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 29,68 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,25 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTA BARROS JUIZ, na que comunica que vai facer obras de conservación de escasa entidade na vivenda de San Salvador 9, San Salvador, consistentes en limpar as xuntas interiores da pedra e encintalas con morteiro de cal graxa sen retracción e con material impermeabilizante, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7625607NH2472N0001LY) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como SBE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,79 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,36 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID MORONO VÁZQUEZ, na que comunica que vai rehabilitar un alpendre de 49 m² de superficie construída, dunha única planta e escasa entidade construtiva, limpando e encintando as fachadas, substituindo a estrutura da cuberta e colocando tella como material de cubrición.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6645404NH2464N0001KD) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 61,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 125,69 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUCIA MOURIÑO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Avd. dos Ánxeles 28, Os Ánxeles, substituindo a tella en mal estado por tella nova e aplicando illamento proxectado de poliuretano, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral 6546310NH2464N0001ID) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 136,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 200,69 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por KARINA SANTOS DI LORENZO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda da Rúa Lameiras 18, Brión:

- .- Pechar as velux do baixo cuberta, utilizando tella cerámica como material de cubrición.
- .- Abrir dous novos ocos para colocar dúas ventás na fachada lateral da edificación, situada a máis de tres metros do lindeiro.

A edificación onde se van executar as obras (referencia catastral 6261527NH2466S0001RO) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,11 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,68 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADRIÁN IGLESIAS SÁNCHEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Coruxido 27, Bastavales:

.- Construír un alpendre de 50 m² construídos en bloque de formigón revestido e cubrición de tella cerámica, para gardar apeiros de labranza, dunha única planta e escasa entidade construtiva.

.- Pavimentar con formigón 350 m² no interior da parcela.

.- Instalar un portalón de acceso no peche da parcela.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7002704NH2470S0001TE) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O alpendre situarase mínimo a 3 metros dos lindes e mínimo a 5 metros do eixe do vial.

.- O portal de acceso situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 203,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 267,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, en Gronzo 41-42, Brión, con inicio no paso aéreo subterráneo en apoio existente HV-630/11 e final en P.A.R. proxectado fronte á PS realizando entrada e saída na primeira C.P.M. e acometida en condutor subterráneo XZ1 2x(1x50) desde o P.A.R. proxectado ata o C.P.M. a instalar polos clientes no límite da súa propiedade coa vía pública. Para canalizar o mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 117,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Ferverza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 27/04/2021, visado nº 22100597.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 4856101NH2445N0001MX) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Deputación Provincial da Coruña (expediente nº 25166/2021) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.134,37 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 166,87 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 231,44 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, no Cabo 23, Os Ánxeles, derivando o condutor XZ1 – 0,6/1kv, 4x(1*240) Al, desde os empalmes proxectados en P.A.R. ata a conexión coa C.P.M. a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para canalizar o mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 31,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 28/06/2021, visado nº 22101014.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7645806NH2474N0001LJ) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 818,85 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 103,77 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 168,34 euros.

CUARTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DOLORES ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 1, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local con data 10.07.2018, concedeu licenza de obras a María Dolores Álvarez Rodríguez, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 1, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.04.2018 e documentación complementaria visada o 31.05.2018 e 15.06.2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 3 anos, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

QUINTO.- VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Benigno Alfonso Fernández, que di actuar en representación da CC.PP. URBANIZACIÓN PASEO DE PEDROUZOS, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo do garaxe da Urbanización Paseo de Pedrouzos, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Sabucedo Costa, que di actuar en representación de MARÍA BEGOÑA BOUZAS LÓPEZ e FERNÁNDO MÁRQUEZ ZAS, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Estrar 40, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.07.2021 (expediente 2101920).

A parcela onde se van realizar as obras, aséntanse sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as área consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.07.2021 (expediente 2101920).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (a superficie de cesión, 32,57 m², foi aceptada pola Xunta de Goberno Local o 08.01.2019), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40

cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.500,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 1.596,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JOSÉ LUÍS BALO MOSQUERA e MARÍA DEL CARMEN MIGUEL LOSADA, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar, unha edificación auxiliar e unha piscina na Rúa Santiago 39, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.09.2020 (expediente 2004421).

A parcela onde se van realizar as obras, aséntanse sobre dúas clasificacións de solo:

- 1.063 m2 en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2)
- 1.493 m2 en solo rústico, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d)

A parcela sitúase dentro da zona de policía de leitos do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (clave DH.W15.74818) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.09.2020 (expediente 2004421).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (66 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión do fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.869,57 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 301,93 euros.
- Total: 3.171,50 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA OTERO e MARÍA LUISA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Estrar 41, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.04.2021 e documentación complementaria visada o 13.07.2021 (expediente 2101820).

A parcela onde se van realizar as obras, aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.04.2021 e documentación complementaria visada o 13.07.2021 (expediente 2101820).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (a superficie de cesión, 41,87 m², foi aceptada pola Xunta de Goberno Local o 08.01.2019), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho) e a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.591,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 203,72 euros.
- Total: 2.794,72 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por José Iván Neo Quintáns, que di actuar en representación de AMARA GONZÁLEZ NOYA e DANIEL NEO QUINTÁNS, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Buio 19, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2021 e documentación complementaria visada o 20.07.2021 (expediente 2103510).

A parcela onde se van realizar as obras, aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- 1.900 m² en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
- 1.500 m² en solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.06.2021 e documentación complementaria visada o 20.07.2021 (expediente 2103510).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (102 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 m. de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 102 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 30 de xullo de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 5.081,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 285,83 euros.

Total: 5.366,93 euros.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González